

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Corrección de erros.-Orde do 22 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a concellos de Galicia para a adecuación e modernización de equipamentos comerciais, en desenvolvemento do Plan Ágora, agora Re-comercia 2010-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (código de procedemento IN223A).

Advertidos erros na dita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 145, do 30 de xullo de 2010, cómpre realizar as seguintes correccións:

Na páxina 13.917, columna dereita, artigo 2º.1, derradeira liña, onde di:

«A Coruña: 981 18 49 14, incoruña@xunta.es», debe dicir:

«A Coruña: 981 18 49 14, incoruna@xunta.es».

Na páxina 13.918, columna esquerda, artigo 2º.1, primeira liña, onde di:

«Lugo: 982 29 49 38, majose.cortiña.darriba@xunta.es», debe dicir:

«Lugo: 982 29 49 38, majose.cortina.darriba@xunta.es».

Na páxina 13.919, columna esquerda, artigo 4º.c), segunda e terceira liñas, onde di:

«A Coruña: incoruña@xunta.es» e «Lugo: majose.cortiña.darriba@xunta.es», debe dicir:

«A Coruña: incoruna@xunta.es» e «Lugo: majose.cortina.darriba@xunta.es».

Corrección de erros.-Orde do 26 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos/ás titulares de obradoiros artesanais para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (Código de procedemento IN201G).

Advertidos erros na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 152, do 10 de agosto de 2010, cómpre realizar as seguintes correccións:

Na páxina 14.489, columna dereita, artigo 2º.1, parágrafo 4º, onde di:

«A Coruña: 981 18 49 14, incoruña@xunta.es; Lugo: 982 29 49 38, majose.cortiña.darriba@xunta.es», debe dicir:

«A Coruña: 981 18 49 14, incoruna@xunta.es; Lugo: 982 29 49 38, majose.cortina.darriba@xunta.es».

Na páxina 14.490, columna dereita, artigo 4º.c), onde di:

«Os correos electrónicos: A Coruña: incoruña@xunta.es; Lugo: majose.cortiña.darriba@xunta.es», debe dicir:

«Os correos electrónicos: A Coruña: incoruna@xunta.es; Lugo: majose.cortina.darriba@xunta.es».

Na páxina 14.499, columna esquerda, artigo 17º, parágrafo 1º, onde di: «...tendo de prazo ata o 30 outubro de 2010, inclusive», debe dicir: «...tendo de prazo ata o 20 de novembro de 2010», inclusive.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Resolución do 30 de xullo de 2010, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa o expediente de delimitación da ruta principal do Camiño de Santiago, Camiño Francés, coa excepción do tramo entre o lugar do Amenal e o límite do aeroporto da Lavacolla, no concello do Pino.

O Camiño de Santiago foi declarado conxunto histórico-artístico en virtude do Decreto 2224/1962, do 5 de setembro, comprendéndose nesta declaración os lugares, edificios e paraxes coñecidos e determinados actualmente e todos aqueles outros que a partir deste momento se fixen e delimiten polo padroado que se crea por este decreto.

A Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, na súa disposición adicional primeira establece que os bens que con anterioridade fosen declarados histórico-artísticos pasan a ter a consideración e a denominarse bens de interese cultural, quedando sometidos ao réxime xurídico que para eses bens establece a dita lei.

A adecuación do Decreto 2224/1962 ao establecido nos artigos 11 da Lei 16/1985, do patrimonio histórico español, e 12 do Real decreto 111/1986, do 10 de xaneiro, fixo necesario proceder á delimitación da zona afectada pola declaración.

Por Resolución do 12 de novembro de 1992, da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, incóase o expediente para a concreción e definición da delimitación do Camiño de Santiago (Camiño Francés) e do seu ámbito de protección que se fai coincidir cos límites das parroquias polas que atravesaba o Camiño ao longo de todo o percorrido, desde o concello de Pedrafita do Cebreiro ata Santiago de Compostela. No mesmo acto administrativo acórdase seguir a tramitación do expediente de conformidade coas disposicións vixentes, abrir un período de información pública e publicar a resolución, o cal se leva para o efecto no *Diario Oficial de Galicia* nº 246, do 18 de decembro de 1992.

En exercicio das competencias outorgadas polo Estatuto de autonomía de Galicia en materia de patrimonio cultural, dítase a Lei 8/1995, do 30 de outubro,